

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

Escollerase unha opción do grupo teórico e unha do grupo práctico, podéndose combinar como se desexe (A/1, A/2, B/1, B/2).

TEÓRICO

Opción A

TEMA: *O Barroco*: (4 puntos)

- a) C. Monteverdi.
- b) O barroco francés: J. B. Lully.

DEFINICIÓNS: (2 puntos)

1. *Abertura á francesa (Overture)*.
2. *Ritornello*.
3. *Scherzo*.
4. Soprano.

Opción B

TEMA: *A ópera no século XIX*: (4 puntos)

- a) A ópera italiana.
- b) Richard Wagner.

DEFINICIÓNS: (2 puntos)

1. Abertura (u Obertura).
2. Poema sinfónico.
3. *Rondó*.
4. Foso da orquestra.

PRÁCTICO – AUDICIÓNS

(4 puntos)

Opción 1

- a) Identificar a obra e datación aproximada.
- b) Contextualizar o estilo musical no que se pode encadrar a audición proposta.
- c) Identificar a lingua na que está escrito o texto.
- d) Elementos que interveñen na obra. Tipo de textura.

Opción 2

- a) Identificar a obra e datación aproximada.
- b) Encadrar o autor no seu contexto histórico e artístico.
- c) Instrumento que interveñen na audición proposta.
- d) Xénero e forma musical no que se pode encadrarse a obra.

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

Escollerase unha opción do grupo teórico e unha do grupo práctico, podéndose combinar como se desexe (A/1, A/2, B/1, B/2).

TEÓRICO

Opción A

TEMA: *A polifonía no Renacemento:* (4 puntos)

- A música da Contrarreforma: G. P. da Palestrina e T. L. de Victoria.
- O madrigal no Renacemento.

DEFINICIÓNS: (2 puntos)

- Canon.
- Clarinete.
- Forma-sonata.
- Estribillo (Retrouso).

Opción B

TEMA: *A música instrumental no barroco:* (4 puntos)

- Sonata e concerto: orixe e tipoloxías.
- A música instrumental de J. S. Bach.

DEFINICIÓNS: (2 puntos)

- Forma-sonata.
- Música de cámara.
- Baixo continuo.
- Tema musical.

PRÁCTICO – AUDICIÓNS

(4 puntos)

Opción 1

- Identificar a obra e datación aproximada.
- Indicar o autor e o seu contexto histórico e artístico.
- Xénero /forma musical ó que pertence este fragmento.
- Describir a formación orquestral que se escoita.

Opción 2

- Identificar a obra e datación aproximada.
- Indicar o autor e o seu contexto histórico e artístico.
- Elementos participantes que concorren na audición proposta.
- Xénero no que pode encadrarse a obra.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOGA. Valorarase así mesmo a capacidade do alumnado para encadrar adecuadamente as características xerais do período obxecto da pregunta teórica, o seu axeitado encadre histórico, a valoración da figura e obra do compositor/es correspondentes ós enunciados teóricos ou das audicións, a referencia ás formas musicais obxecto de exame etc., achegando cantos máis datos se poida sobre os devanditos aspectos, con precisión e utilizando terminoloxía musical.

En canto á proba específica de audición, valorarase que o alumno/a poida encadrarla adecuadamente no seu período histórico exacto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata; así mesmo, determinar a súa forma musical, os instrumentos e/ou voces que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor naqueles casos nos que esta información poida obterse ou deducir da audición.

Tanto na pregunta teórica como nas definicións ou na audición valorarase positivamente calquera referencia de carácter xeral que teña relación coa pregunta en cuestión.

Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos con lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, a non existencia de ideas contraditorias ou incompatibles dentro do mesmo comentario en particular, e en xeral de todo o exame.

CUALIFICACIÓNS

1.- Haberá dous bloques, teórico / práctico, que globalmente terán a puntuación de 6 / 4 (6 o teórico, 4 o práctico).

Teórico: (6 puntos)

Tema: 4 puntos

Definicións: 2 puntos

Práctico: (4 puntos)